

Concurso de Entroido 2024 Concello de Boimorto  
BASES

A empresa Animación e Ocio S.L. contratada a través do concello de Boimorto para a realización da festa e concurso de entroido de 2024 que terá lugar o sábado 10 de febreiro de 2024 no polideportivo municipal, aproba as seguintes bases:

1.Poderán participar as persoas que se acheguen o polideportivo municipal o sábado 10 de febreiro.

A participación no presente concurso supón a aceptación íntegra de todos os puntos contidos nestas bases e que se autoriza ó concello para a utilización das imaxes en carteis, publicacións, medios de comunicación e outros para a promoción da cultura.

**2.MODALIDADES:**

Haberá dúas modalidades, INDIVIDUAL OU PARELLA e GRUPOS (tres ou más persoas que representen un mesmo motivo). O concurso realizarase cunha participación mínima en cada categoría de 3 participantes.

**3. INSCRICIÓNNS**

As inscricións realizaranse a través do correo [cultura@boimorto.es](mailto:cultura@boimorto.es) ou chamando o teléfono 981516020 (falando coa animadora sociocultural) ata media hora antes de que comece o concurso. Deberase cubrir unha folla de inscrición.

**NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNNS FORA DO HORARIO ESTABLECIDO.**

**4. PREMIOS**

Individual ou parella

1º - 150€  
2º - 60€  
3º - 40€

Grupos (dende tres persoas)

1º - 200€  
2º - 100€  
3º - 50€

Os/As participantes que resulten premiados daranse a coñecer unha vez rematado o concurso no polideportivo municipal que deberán estar presentes no momento da súa entrega.

Os premios están suxeitos a declaración segundo a lexislación vixente.

No caso de non haber participantes en algúna das categorías, o final da entrega de premios sortearase un dos premios desertos entre os asistentes.

**5. XURADO**

O xurado estará integrado por un/a empregado/a municipal, un representante do equipo de goberno municipal e unha persoa que represente a empresa de animación do evento.

As persoas gañadoras serán escollidas, en cada unha das categorías, en relación á:

- Grupos:

Orixinalidade/estética: 0 – 2 puntos

Vestiario e maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Coreografía /Simpatía: 0-3 puntos

- Individuais:

Orixinalidade /estética: 0 – 2 puntos

Maquillaxe: 0 – 2 puntos

Traballo feito a man e materiais refugallo: 0-3 puntos

Simpatía: 0-3 puntos

O veredicto será inapelable.

Boimorto, a 26 de xaneiro de 2024

